

para as máquinas tipo B ou recreativas con premio, e diversas cantidades para as máquinas tipo C.

Algúns particulares aboaron as cantidades correspondentes ás respectivas comunidades autónomas, ás que en 1990 xa se transferira a taxa sobre o xogo, en virtude da Lei 30/1983, do 28 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, así como en virtude de leis de alcance e condicións da cesión e reais decretos sobre entrada en vigor da cesión. Estas comunidades autónomas eran todas, agás Madrid, Baleares, Cantabria, Ceuta e Melilla.

Posteriormente, o Tribunal Constitucional, con motivo de varias cuestións de inconstitucionalidade de 1993 e 1994, en sentenza 173/1996, do 31 de outubro, por vulneración do principio de seguridade xurídica, declarou inconstitucional e nulo o artigo 38.Dous.2), da Lei 5/1990, do 29 de xuño.

Deste modo, dictáronse diversas sentencias polo Tribunal Supremo que estiman parcialmente os recursos formulados polos particulares e que declaran o dereito dos recorrentes a percibir da Administración do Estado, en concepto de responsabilidade patrimonial por actos legislativos, diversas sumas de diñeiro, que alcanzan un total de 26.087.101,17 euros.

Para atende-las obrigas derivadas das sentencias xudiciais firmes polas que se estiman parcialmente os recursos dos particulares e se condena a Administración do Estado, en concepto de responsabilidade patrimonial por acto legislativo, a indemniza-los particulares recorrentes nas cantidades debidamente ingresadas en concepto de gravame complementario sobre as taxas do xogo, así como nos correspondentes xuros, tramítase o presente crédito extraordinario, de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario por importe de 26.087.101,17 euros á sección 15 «Ministerio de Facenda», servizo 05 «Secretaría de Estado de Facenda», programa 611A «Dirección e Servizos Xerais de Economía e Facenda», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 47 «A empresas privadas», concepto 471 «Para o pagamento de sentencias derivadas da responsabilidade patrimonial do Estado legislador polo gravame complementario da taxa do xogo, establecida en 1990».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo crédito que se concede, na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

8129 *REAL DECRETO 329/2002, do 5 de abril, polo que se aproba o Plan Nacional de Regadíos.* («BOE» 101, do 27-4-2002.)

As condicións climáticas dunha gran parte do territorio nacional caracterízanse pola escaseza, variabilidade e irregularidades das precipitacións que condicionan os rendementos da produción e a obtención de colleitas económicas e seguras. Por outra parte, a contribución dos regadíos ó valor da produción final agraria, á produtividade e competitividade das explotacións, ó emprego directo e na agroindustria, á balanza comercial agraria e á ocupación do territorio, son decisivos para a economía agraria e a vida rural.

Por iso, as políticas públicas en materia de regadíos foron e continúan sendo políticas necesarias para a agricultura española.

No momento presente, a planificación destas políticas públicas deben encadrarse na xa culminada planificación hidrolóxica, na asunción polas comunidades autónomas de competencias relacionadas cos regadíos e na Política Agraria Común da Unión Europea. O mesmo tempo, deben adaptarse ás actuais realidades económicas e sociais, para facer compatible a necesidade de que a nosa agricultura sexa competitiva nuns mercados alimentarios globalizados coas novas sensibilidades respecto do ambiente, e, en particular, da xestión racional dos recursos hídricos.

Por todo iso, a planificación dos regadíos debe responder a novas orientacións, tanto nos obxectivos e prioridades como na execución e corresponsabilidade das actuacións.

O estado das infraestructuras dos actuais regadíos aconsella establecer unhas prioridades nas actuacións para a súa mellora, modernización e consolidación, en especial as dirixidas a racionaliza-lo uso da auga.

Nesta planificación non se considera conveniente iniciar novas transformacións de grandes zonas regables, e as perspectivas de crecemento das producións e os mercados aplícanse preferentemente ás zonas nas que a súa transformación se está executando actualmente.

Nembargantes, o anterior non exclúe o interese social da transformación en regadío de pequenas áreas de zonas rurais desfavorecidas ou en declive.

A execución das actuacións será compartida e coordinada entre as distintas administracións públicas con competencia en materia de regadíos. Esta planificación sectorial asegura a coordinación entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, que acordan obxectivos territoriais e conveñen actuacións.

Finalmente, as novas orientacións reforzan a corresponsabilidade dos regantes nas actuacións de mellora, modernización e consolidación dos seus regadíos.

Estas orientacións introducen un razoable equilibrio entre as funcións productivas, sociais e territoriais da agricultura de regadío de forma compatible coa provisión de bens públicos ambientais.

As actuacións e investimentos previstos no Plan Nacional de Regadíos incorporáronse nas medidas de xestión dos recursos hídricos dos programas operativos e de desenvolvemento rural, aprobados e cofinanciados pola Unión Europea para o período 2000-2006.

A elaboración e aprobación dun Plan Nacional de Regadíos polo Goberno da Nación fundaméntase no arti-

go 149.1.13.^a da Constitución española, que establece como competencia exclusiva do Estado «As bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica». Este título competencial lexítima o Goberno da Nación para propoñer unha planificación de regadíos que, de conformidade coa doutrina constitucional, se basee no consenso, a cooperación e a elaboración entre o Estado e as comunidades autónomas nunha tarefa común na que concorren dous ámbitos competenciais chamados ó fomento e desenvolvemento ordenado dos regadíos en España.

O Plan Nacional de Regadíos e este real decreto reciben informe do Consello Nacional da Auga.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Apróbase o Plan Nacional de Regadíos Horizonte 2008 como instrumento básico para a modernización, ordenación e fomento dos regadíos españois; os seus programas de actuacións e investimentos inclúense como anexos a este real decreto.

Artigo 2. *Obxectivos xerais.*

Son obxectivos xerais do Plan Nacional de Regadíos:

a) Contribuír a consolidar un sistema agroalimentario nacional diversificado e competitivo no marco da Política Agraria Común e da evolución dos mercados.

b) Mellora-lo nivel socioeconómico dos agricultores, incrementando a produtividade do traballo e a renda das explotacións agrarias.

c) Vertebra-lo territorio evitando ou reducindo os procesos de perda de poboación, abandono e envellecemento das zonas rurais.

d) Moderniza-las infraestructuras de distribución e aplicación da auga de rega para racionaliza-lo uso dos recursos, reduci-la contaminación de orixe agraria das augas superficiais e subterráneas e promover innovacións nos sistemas de rega para reduci-los consumos de auga.

e) Incorporar criterios ambientais na xestión das zonas de regadíos co fin de evita-la degradación das terras, favorece-la recuperación de acuíferos e espazos naturais valiosos, protexe-la biodiversidade e as paisaxes rurais e reduci-los procesos de desertización.

Artigo 3. *Programas de actuación.*

1. Para a consecución destes obxectivos xerais establécense os seguintes programas de actuación:

a) Consolidación e mellora dos regadíos existentes coa finalidade de optimiza-lo uso da auga dispoñible, moderniza-los sistemas de rega, reforza-la competitividade das producións e empresas agrarias así como a sustentabilidade das áreas regadas.

b) Execución de novas transformacións naquelas zonas regables nas que, ó abeiro de diversas disposicións legais específicas, as administracións públicas correspondentes, veñen actuando e executando investimentos significativos que deben ser rendibilizados e a relación dos cales se inclúe no anexo I.

c) Transformacións de pequenas superficies de áreas desfavorecidas, en declive ou en proceso de despoboamento, situadas fóra das zonas regables a que

se refire o punto anterior, e a finalidade das cales se orienta a fixar poboación, crear e soste-emprego agrario e equilibra-lo territorio. As zonas seleccionadas para estas transformacións relaciónanse no anexo II.

d) Transformacións de iniciativa privada.

2. Como complemento ás actuacións que se leven a cabo para moderniza-los regadíos actuais ou executar novas transformacións, establecerase un programa de apoio coas seguintes actuacións:

a) Realiza-lo seguimento e avaliación dos efectos estruturais e económicos da planificación, así como dos aspectos ambientais derivados da execución das obras proxeccionadas e das correspondentes declaracións de impacto ambiental.

b) Impulsa-los estudos técnicos sobre a eficiencia dos sistemas de rega e drenaxe e os traballos de normalización, ensaio e homologación de materiais e equipos de rega.

c) Desenvolver accións formativas de técnicos e regantes no emprego das novas tecnoloxías e nas prácticas de rega compatibles co ambiente.

Artigo 4. *Obxectivos específicos.*

1. Os obxectivos específicos previstos ata o ano 2008 son os seguintes:

a) Consolidación e mellora de regadíos: 1.134.891 hectáreas.

b) Regadíos en execución: 138.365 hectáreas.

c) Regadíos de interese social: 86.426 hectáreas.

d) Regadíos de iniciativa privada: 18.000 hectáreas.

2. A distribución territorial destes obxectivos resúmese no anexo III.

Artigo 5. *Investimentos.*

1. Os investimentos previstos para a consecución dos obxectivos establecidos no artigo anterior son os seguintes:

a) Investimento total: 5.024.575.385 euros.

b) Investimento privado: 2.007.260.227 euros.

c) Investimento público (MAPA): 1.430.396.788 euros.

d) Investimento público (CC.AA.): 1.586.918.370 euros.

2. A territorialización dos investimentos públicos e a súa distribución entre as administracións central e autonómicas detállase no anexo IV.

Artigo 6. *Financiamento dos investimentos públicos.*

1. Os investimentos públicos correspondentes ó Plan Nacional de Regadíos, recollidos nos programas operativos integrados ou de desenvolvemento rural, aprobados pola Comisión Europea para o período 2000-2006, serán financiados polo FEOGA, a Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas, nos termos establecidos nos devanditos programas ou, se é o caso, nos acordos subscritos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, vixentes á data de entrada en vigor deste real decreto.

2. Os investimentos públicos do Estado comprendidos no PNR que realice a Administración xeral do Estado, estarán condicionados polos límites plurianuais comprendidos nos escenarios a que fai referencia o artigo 12 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, e ás cifras anuais que para estes efectos se consignent nos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 7. Revisión das actuacións.

1. Para garanti-la necesaria adaptación dos programas de actuación ás condicións cambiantes dos mercados e á Política Agraria Común, así como ós niveis de execución territoriais, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, no seo do Consello Interterritorial para a Xestión do Plan Nacional de Regadíos a que se refire o artigo 8 deste real decreto, poderán revisar, actualizar e, se é o caso, redistribuír con efectos do 1 de xaneiro de 2004 os obxectivos específicos e a distribución territorial inicialmente previstos.

2. As novas actuacións susceptibles de seren consideradas nesta revisión serán, exclusivamente, as do catálogo que figure nos acordos entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, a que se alude no artigo anterior.

3. No suposto de que se revisen os obxectivos específicos e a distribución territorial inicialmente previstos, teranse en conta os compromisos de gasto público derivados de actuacións anteriores ó exercicio 2004 e as dispoñibilidades financeiras para o período 2004-2008.

4. Esta revisión non implicará, en ningún caso, unha ampliación dos investimentos previstos no artigo 5 deste real decreto.

Artigo 8. Consello Interterritorial para a Xestión do Plan Nacional de Regadíos.

1. Créase o Consello Interterritorial para a Xestión do Plan Nacional de Regadíos.

2. Este Consello, adscrito ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, terá como fin o seguimento das actuacións previstas no Plan Nacional de Regadíos.

3. O Consello Interterritorial para a Xestión do Plan Nacional de Regadíos estará composto polos seguintes membros, con voz e voto:

A) Presidente: o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, quen pode delegar no vicepresidente.

B) Vicepresidente: o subsecretario de Agricultura, Pesca e Alimentación, que substituirá o presidente en casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

C) Vocais:

a) Un representante de cada unha das comunidades autónomas que decidan formar parte de este órgano colexiado.

b) Dous representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designados polo titular do departamento.

c) Un representante do Ministerio de Facenda, designado polo seu titular.

d) Un representante do Ministerio de Economía, designado polo seu titular.

e) Tres representantes das organizacións profesionais agrarias de ámbito estatal, designados polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, por proposta das ditas organizacións.

f) Un representante das entidades asociativas agrarias de ámbito nacional e con implantación no medio rural, designado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

g) Tres representantes das comunidades de regantes, designados polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, por proposta da Federación Nacional de Comunidades de Regantes.

D) Secretario: o funcionario da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural que designe o subsecretario de Agricultura, Pesca e Alimentación, quen exercerá o cargo de secretario con voz e sen dereito a voto.

4. Son funcións do Consello Interterritorial para a Xestión do Plan Nacional de Regadíos:

a) O seguimento da execución do programa de actuacións e investimentos do Plan Nacional de Regadíos.

b) Revisar, actualizar e, se é o caso, redistribuír, de acordo co artigo 7 deste real decreto, os obxectivos específicos inicialmente previstos e a súa distribución territorial.

c) Realiza-los estudos e formula-las propostas que considere pertinentes en relación coa xestión do Plan Nacional de Regadíos.

5. O Consello establecerá as súas propias normas de funcionamento e rexerese, no non previsto nelas, polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O funcionamento do Consello non suporá ningún incremento de gasto público, sendo atendido cos medios materiais e de persoal xa existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 9. Execución das actuacións.

1. A execución das obras e actuacións previstas no Plan Nacional de Regadíos farase polo mecanismo orzamentario, administrativo ou societario que resulte máis adecuado en cada caso, dentro dos que prevé o ordenamento xurídico vixente en materia de regadíos.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribir convenios coas comunidades autónomas nos que se precisen as actuacións da execución das cales se fará cargo cada unha das administracións, así como o financiamento, prazos e condicións de execución das obras.

Artigo 10. Declaración de interese xeral.

1. As actuacións que se declaren de interese xeral poderán ser executadas directamente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou polas sociedades estatais creadas para o efecto.

2. A iniciativa da proposta para declarar unha actuación de interese xeral correspóndelle ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, por petición ou de acordo coa correspondente comunidade autónoma.

Artigo 11. Axudas ás explotacións agrarias para investimentos en equipamentos de rega.

1. Os investimentos en equipamentos de rega que como consecuencia das actuacións de modernización ou das novas transformacións teñan que se efectuar nas explotacións agrarias, poderán ser obxecto das axudas previstas no artigo 4 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, nas condicións e cos requisitos establecidos na devandita norma e dentro dos créditos consignados nos orzamentos.

2. Nembargantes, os titulares de explotacións non comprendidos no punto anterior e que, ademais das investimentos colectivos na modernización das infraestructuras comúns, decidan acometer de maneira conxunta os investimentos individuais nos equipamentos derivados dos novos sistemas de rega, poderán acollerse ás axudas establecidas nos programas operativos ou de desenvolvemento rural vixentes en cada momento, aprobados pola Comisión Europea, e nas súas normas de aplicación.

Disposición transitoria primeira. *Execución de obras polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.*

As obras que lle corresponda executar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en virtude de disposicións legais vixentes, continuaránse executando conforme as ditas disposicións.

Disposición transitoria segunda. *Obras en execución previstas no Plan Nacional de Regadíos Horizonte 2005.*

As actuacións e investimentos iniciados de conformidade co previsto no acordo do Consello de Ministros do 9 de febreiro de 1996, polo que se aproba o Plan Nacional de Regadíos para o Horizonte 2005, continuarán executándose ata a súa finalización, de conformidade co previsto no dito plan.

Disposición derogatoria única. *Plan Nacional de Regadíos Horizonte 2005.*

Quedan sen efecto as actuacións e investimentos previstos no acordo do Consello de Ministros do 9 de febreiro de 1996, polo que se aproba o Plan Nacional de Regadíos para o Horizonte 2005, que non se iniciasen na data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, atribuída ó Estado polo artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as normas precisas para o cumprimento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Regadíos en execución

Superficies (ha) que se van transformar en horizonte 2008

Zona regable	Comunidade Autónoma	Superficie dominada	Superficie regable	Superf. regada en 1997	Superficie que se vai transformar H>2008	Superficie pendente H>2008
Baza-Huércar	Andalucía	28.339	23.012	13.691	—	9.321
Costa Noroeste de Cádiz	Andalucía	9.100	9.096	5.858	3.238	—
Cuevas de Almanzora	Andalucía	7.642	4.945	—	3.945	1.000
Chanza	Andalucía	21.677	16.990	5.698	11.292	—
Genil-Cabra	Andalucía	44.580	40.600	16.099	2.296	22.205
Guaro	Andalucía	10.885	8.933	4.901	3.032	1.000
Sur Andévalo (centro)	Andalucía	44.000	12.000	8.600	—	3.400
Total Andalucía		166.223	115.576	54.847	23.803	36.926
Bardenas II	Aragón	48.456	27.355	11.392	6.045	9.918
Canle do Calanda-Alcañiz	Aragón	5.000	4.726	2.300	2.426	—
Canle del Cinca (3. ^a parte) e El Tormillo	Aragón	26.618	23.087	18.250	4.837	—
Canle de Cíván	Aragón	2.295	744	—	744	—
Monegros I (4. ^o tramo)	Aragón	4.617	1.699	1.358	341	—
Monegros II	Aragón	164.843	64.745	14.541	12.000	38.204
Total Aragón		251.829	122.356	47.841	26.393	48.122
Canle de Albacete	Castilla-La Mancha	42.078	31.425	—	6.744	24.681
La Sagra-Torrijos	Castilla-La Mancha	31.136	24.235	1.015	5.166	18.054
Total Castilla-La Mancha		73.214	55.660	1.015	11.910	42.735
La Armuña	Castilla y León	48.100	26.500	—	6.577	19.923
Las Cogotas (Río Adaja)	Castilla y León	9.000	7.500	3.000	3.000	1.500
Marxe esquerda do Tera	Castilla y León	17.000	10.403	1.461	2.479	6.463
Páramo Bajo	Castilla y León	43.200	30.249	9.500	—	20.749
Riaño (Porma)	Castilla y León	12.011	9.032	1.533	7.499	—
Riaño (Payuelos)	Castilla y León	66.575	45.173	—	24.000	21.173
Total Castilla y León		195.886	128.857	15.494	43.555	69.808

Zona regable	Comunidade Autónoma	Superficie dominada	Superficie regable	Superf. regada en 1997	Superficie que se vai transformar H-2008	Superficie pendente H>2008
Aldea-Camarles	Cataluña	7.500	6.000	—	100	5.900
Alguerri-Balaguer	Cataluña	8.503	8.000	1.246	2.169	4.585
Ampliación de Vallfornés	Cataluña	800	500	350	50	100
Margalef	Cataluña	4.500	1.500	900	600	—
Muga-Marxe dereita	Cataluña	3.967	2.700	—	200	2.500
Perelló-Rasquera	Cataluña	1.200	880	—	200	680
Pla del Sas	Cataluña	4.500	3.500	—	100	3.400
Sant Martí de Tous	Cataluña	650	400	—	100	300
Segarra-Garriges	Cataluña	90.000	72.000	—	1.000	71.000
Xerta-Senia	Cataluña	25.000	16.500	—	133	16.367
Total Cataluña		146.620	111.980	2.496	4.652	104.832
Ambroz	Extremadura	11.800	3.200	1.000	2.200	—
Centro de Extremadura	Extremadura	27.000	13.831	—	9.008	4.823
Zújar (Sectores V e VIII)	Extremadura	29.075	21.268	16.026	5.242	—
Total Extremadura		67.875	38.299	17.026	16.450	4.823
Canle de Navarra	Navarra	78.826	57.713	—	5.707	52.006
Mendavia	Navarra	3.653	3.048	1.861	1.187	—
Total Navarra		82.479	60.761	1.861	6.894	52.006
Najerilla	Rioja	29.800	18.788	10.380	4.708	3.700
Total Rioja		29.800	18.788	10.380	4.708	3.700
TOTAL		1.013.926	652.277	150.960	138.365	362.952

ANEXO II

Programa de actuacións ó horizonte 2008 de regadíos sociais

Zona regable	Comunidade Autónoma	Cuenca	Provincia	Superficie que se vai transformar — Hectáreas
Plan litoral (varias zonas)	Andalucía	Varias	Varias	4.000
Total Andalucía				4.000
Alcalá de Gurrea	Aragón	Ebro	Huesca	1.320
Alcubierre	Aragón	Ebro	Huesca	409
Aren	Aragón	Ebro	Huesca	200
Cabecera Cinca/La Fueva	Aragón	Ebro	Huesca	1.885
Canle de Berdún	Aragón	Ebro	Huesca	2.500
Castejón de Monegros	Aragón	Ebro	Huesca	428
Embalse de Guara	Aragón	Ebro	Huesca	1.250
Fuentes de Ebro	Aragón	Ebro	Zaragoza	2.500
Graus	Aragón	Ebro	Huesca	841
Gurrea de Gállego	Aragón	Ebro	Zaragoza	1.400
La Hoya de Huesca (manchas)	Aragón	Ebro	Huesca	8.000
La Sarda	Aragón	Ebro	Huesca	870
Litera Alta* (manchas)	Aragón	Ebro	Huesca	8.000
Maella	Aragón	Ebro	Zaragoza	700
Mas de las Matas	Aragón	Ebro	Teruel	300
Mora de Rubielos	Aragón	Júcar	Teruel	155
Quinto de Ebro	Aragón	Ebro	Zaragoza	1.234
Somontano	Aragón	Ebro	Huesca	2.000
Varias zonas que hai que determinar	Aragón	Ebro/Júcar	Varias	2.500
Total Aragón**				20.967

Zona regable	Comunidade Autónoma	Cuenca	Provincia	Superficie que se vai transformar — Hectáreas
Regadíos de augas depuradas	Baleares	Baleares	Baleares	2.250
Total Baleares				2.250
Regadíos de augas depuradas	Canarias	Canarias	Varias	3.500
Regadíos de medianías	Canarias	Canarias	Varias	1.000
Total Canarias				4.500
Valderredible	Cantabria	Ebro	Cantabria	1.000
Liébana	Cantabria	Norte	Cantabria	500
Zona de Reinosa	Cantabria	Ebro	Cantabria	900
Soba	Cantabria	Norte	Cantabria	100
Total Cantabria				2.500
La Grajuela	Castilla-La Mancha	Júcar	Cuenca	2.450
Alto Cabriel	Castilla-La Mancha	Júcar	Cuenca	700
Alto Júcar	Castilla-La Mancha	Júcar	Cuenca	700
Manchuela Centro	Castilla-La Mancha	Júcar	Cuenca	4.000
Vega del Picazo	Castilla-La Mancha	Júcar	Cuenca	400
Ribereños	Castilla-La Mancha	Júcar	Cuenca	500
Río Calvache	Castilla-La Mancha	Tajo	Cuenca	250
Tradicional do Tajo (A.)	Castilla-La Mancha	Tajo	Cuenca	700
Almoguera M. I. Tajo	Castilla-La Mancha	Tajo	Cuenca-Guadalajara	1.000
Guadiela	Castilla-La Mancha	Tajo	Cuenca	500
Río Cañamares	Castilla-La Mancha	Tajo	Guadalajara	200
Atance	Castilla-La Mancha	Tajo	Guadalajara	300
Cogolludo	Castilla-La Mancha	Tajo	Guadalajara	600
Alto e Medio Tajuña	Castilla-La Mancha	Tajo	Guadalajara	250
Puebla de Valles	Castilla-La Mancha	Tajo	Guadalajara	100
Castrejón M. I.	Castilla-La Mancha	Tajo	Toledo	500
Torre de Abraham	Castilla-La Mancha	Guadiana	Ciudad Real	1.000
Canle de los Auriles	Castilla-La Mancha	Guadiana	Ciudad Real	400
Cancarix	Castilla-La Mancha	Segura	Albacete	300
Fuente Álamo	Castilla-La Mancha	Segura	Albacete	650
Tobarra (ampliación)	Castilla-La Mancha	Segura	Albacete	700
Ontur-Albatana	Castilla-La Mancha	Segura	Albacete	500
Hellín	Castilla-La Mancha	Segura	Albacete	300
Total Castilla-La Mancha				17.000
Pequenas Balsas (Olmillos e outros)	Castilla y León	Duero	Soria	1.500
Valdavia	Castilla y León	Duero	Palencia	2.400
Tábara	Castilla y León	Duero	Zamora	2.500
Total Castilla y León				6.400
Espluga Calba	Cataluña	Ebro	Lleida	120
Freginals	Cataluña	Ebro	Tarragona	472
Garrigues Sud Etapa III	Cataluña	Ebro	Lleida	844
Garrigues Sud Etapa IV F1	Cataluña	Ebro	Lleida	850
Garrigues Sud Etapa IV F2	Cataluña	Ebro	Lleida	455
Els Guiamets	Cataluña	Ebro	Tarragona	2.024
Vilosell	Cataluña	Ebro	Lleida	100
Pobla de Cervoles e Les Borges Blanques	Cataluña	Ebro	Lleida	385
La Senia (augas residuais)	Cataluña	Ebro	Tarragona	200
Mas de Barberans	Cataluña	Ebro	Tarragona	400
Valls (augas residuais)	Cataluña	Ebro	Tarragona	350
Total Cataluña				6.200

Zona regable	Comunidade Autónoma	Cuenca	Provincia	Superficie que se vai transformar — Hectáreas
Alcollarín-Miajadas	Extremadura	Guadiana	Cáceres	2.500
Ampliación Zújar	Extremadura	Guadiana	Badajoz	1.100
La Serena	Extremadura	Guadiana	Badajoz	2.500
Otras zonas	Extremadura	Guadiana	Cáceres/Badajoz	850
Total Extremadura				6.950
Varias zonas	Galicia	Varias	Varias	2.500
Total Galicia				2.500
Bargota II	Navarra	Ebro	Navarra	100
Funes «El Raso e las Suertes»	Navarra	Ebro	Navarra	800
Urraul Bajo-Lumbier	Navarra	Ebro	Navarra	217
Sesma III	Navarra	Ebro	Navarra	100
Santacara II	Navarra	Ebro	Navarra	420
Andosilla II	Navarra	Ebro	Navarra	750
Aibar «El Saso»	Navarra	Ebro	Navarra	500
Total Navarra				2.887
Rioja Alavesa (varias zonas)	País Vasco	Ebro	Álava	5.000
Total País Vasco				5.000
Cidacos	Rioja	Ebro	Rioja	1.000
Iregua	Rioja	Ebro	Rioja	2.000
Oja-Tirón	Rioja	Ebro	Rioja	1.200
Yalde	Rioja	Ebro	Rioja	1.072
Total Rioja				5.272
Total nacional				86.426

* Esta zona non terá financiamento do MAPA.

** Do total das superficies propostas en Aragón só se executarán 20.967 hectáreas ó H-2008.

ANEXO III

Programas de actuación en regadíos

Superficies de actuación (ha) por programas e por Comunidade Autónoma

Comunidade Autónoma	Consolidación e mellora	Regadíos en execución	Regadíos sociais	Regadíos privados subvencionados	Total
Andalucía	288.733	23.803	4.000	—	316.536
Aragón	142.332	26.393	20.967	—	189.692
Asturias	207	—	—	—	207
Baleares	4.531	—	2.250	—	6.781
Canarias	11.273	—	4.500	—	15.763
Cantabria	1.276	—	2.500	—	3.776
Castilla-La Mancha	91.925	11.910	17.000	—	120.835
Castilla y León	192.502	43.555	6.400	—	242.457
Cataluña	77.880	4.652	6.200	—	88.732
Extremadura	63.925	16.450	6.950	—	87.325
Galicia	6.455	—	2.500	—	8.955

Comunidade Autónoma	Consolidación e mellora	Regadíos en execución	Regadíos sociais	Regadíos privados subvencionados	Total
Madrid	13.550	—	—	—	13.550
Región de Murcia	69.872	—	—	—	69.872
Navarra	32.504	6.894	2.887	—	42.285
País Vasco	4.370	—	5.000	—	9.370
La Rioja	18.037	4.708	5.272	—	28.017
Comunidade Valenciana	115.519	—	—	—	115.519
Sen rexionalizar	—	—	—	18.000	18.000
Total	1.134.891	138.365	86.426	18.000	1.377.682

Nota: No País Vasco figuran como regadíos que hai que consolidar as 8.741 hectáreas correspondentes á superficie regada, sendo a superficie regable que hai que consolidar de 22.600 hectáreas superficie sobre a que se calculan os investimentos do PNR.

ANEXO IV
Cadro número 1
Investimentos totais por programas e comunidade autónoma ó Horizonte 2008
(Euros)

Comunidade Autónoma	Consolidación e mellora		Regadíos en execución		Regadíos sociais		Regadíos privados		Programas de apoio		Total		
	Investimento AA. Agrarias	Investimento privado	Investimento AA. Agrarias	Investimento privado	Investimento AA. Agrarias	Investimento privado	Investimento AA. Agrarias	Investimento privado	Investimento AA. Agrarias	Investimento privado	Investimento AA. Agrarias	Investimento privado	Total
Andalucía	252.136.598	252.136.598	191.121.850	58.839.085	39.668.798	11.900.040	-	-	-	-	482.925.246	322.875.723	805.800.969
Aragón	166.768.838	166.768.838	198.935.006	59.680.502	102.172.058	30.651.617	-	-	-	-	467.875.302	257.100.957	724.976.359
Asturias	348.588	348.588	-	-	-	-	-	-	-	-	348.588	348.588	697.176
Baleares	11.707.716	11.707.716	-	-	24.040.484	7.212.145	-	-	-	-	35.748.200	18.919.861	54.668.061
Canarias	21.804.720	21.804.720	-	-	39.065.786	11.719.736	-	-	-	-	60.870.506	33.524.456	94.394.962
Cantabria	420.708	420.708	-	-	12.020.242	3.606.073	-	-	-	-	12.440.950	4.026.781	16.467.731
C-La Mancha	98.229.418	98.229.418	72.121.452	21.636.436	94.358.900	23.439.472	-	-	-	-	264.709.770	143.305.326	408.015.096
C. v León	329.006.046	329.006.046	264.445.326	79.333.598	42.070.848	12.621.254	-	-	-	-	635.522.220	420.960.898	1.056.483.118
Cataluña	125.912.036	125.912.036	25.098.266	7.530.682	38.464.774	11.539.432	-	-	-	-	189.475.076	144.982.150	334.457.226
Extremadura	64.308.296	64.308.296	76.328.538	22.898.561	39.065.786	11.719.736	-	-	-	-	179.702.620	98.926.593	278.629.213
Galicia	8.390.128	8.390.128	-	-	12.020.242	3.606.073	-	-	-	-	20.410.370	11.996.201	32.406.571
Madrid	11.178.826	11.178.826	-	-	-	-	-	-	-	-	11.178.826	11.178.826	22.357.652
Región Murcia	131.109.136	131.109.136	-	-	-	-	-	-	-	-	131.910.136	131.910.136	263.820.272
Navarra	59.764.644	59.764.644	45.075.908	13.522.772	18.030.363	5.409.109	-	-	-	-	122.870.915	78.696.525	201.567.440
Pais Vasco	8.408.159	8.408.159	-	-	25.242.508	7.572.753	-	-	-	-	33.650.667	15.980.912	49.631.579
La Rioja	54.115.130	54.115.130	-	-	42.070.848	12.621.254	-	-	-	-	96.185.978	66.736.384	162.922.362
Valenciana	183.885.664	183.885.664	-	-	-	-	-	-	-	-	183.885.664	183.885.664	367.771.328
Sen rexionalizar	-	-	-	-	-	-	61.904.246	61.904.246	25.699.278	-	87.603.524	61.904.246	149.507.770
Total	1.528.295.651	1.528.295.651	873.126.346	263.441.636	528.289.637	153.618.694	61.904.246	61.904.246	25.699.278	-	3.017.315.158	2.007.260.227	5.024.575.385

Cadro número 2
Investimentos por programas e comunidade autónoma ó Horizonte 2008 do MAPA e comunidades autónomas
(Euros)

Comunidade Autónoma	Consolidación e mellora		Regadíos en execución		Regadíos sociais		Regadíos privados		Programas de apoio		Total	
	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.
Andalucía	126.068.299	126.068.299	95.560.925	95.560.925	19.833.399	19.833.399	-	-	-	-	241.462.623	241.462.623
Aragón	83.384.419	83.384.419	99.467.503	99.467.503	51.086.029	51.086.029	-	-	-	-	233.937.951	233.937.951
Asturias	174.294	174.294	-	-	-	-	-	-	-	-	174.294	174.294
Baleares	5.853.858	5.853.858	-	-	12.020.242	12.020.242	-	-	-	-	17.874.100	17.874.100
Canarias	10.902.360	10.902.360	-	-	19.532.893	19.532.893	-	-	-	-	30.435.253	30.435.253
Cantabria	210.354	210.354	-	-	6.010.121	6.010.121	-	-	-	-	6.220.475	6.220.475
Castilla-La Mancha	49.114.709	49.114.709	36.060.726	36.060.726	47.179.450	47.179.450	-	-	-	-	132.354.885	132.354.885
Castilla y León	164.503.023	164.503.023	132.222.663	132.222.663	21.035.424	21.035.424	-	-	-	-	317.761.110	317.761.110
Cataluña	62.956.018	62.956.018	12.549.133	12.549.133	19.232.387	19.232.387	-	-	-	-	94.737.538	94.737.538
Extremadura	32.154.148	32.154.148	38.164.269	38.164.269	19.532.893	19.532.893	-	-	-	-	89.851.310	89.851.310
Galicia	4.195.064	4.195.064	-	-	6.010.121	6.010.121	-	-	-	-	10.205.185	10.205.185

Comunidade Autónoma	Consolidación e mellora		Regadíos en execución		Regadíos sociais		Regadíos privados		Programas de apoio		Total	
	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.	MAPA	CC.AA.
Madrid	5.589.413	5.589.413	-	-	-	-	-	-	-	-	5.589.413	5.589.413
Región de Murcia	65.955.068	65.955.068	-	-	-	-	-	-	-	-	65.955.068	65.955.068
Navarra	-	59.764.644	-	45.075.908	-	18.030.363	-	-	-	-	-	122.870.915
País Vasco	-	8.408.159	-	-	-	25.242.508	-	-	-	-	-	33.650.667
La Rioja	27.057.565	27.057.565	-	-	21.035.424	21.035.424	-	-	-	-	48.092.989	48.092.989
Valenciana	91.942.832	91.942.832	-	-	-	-	-	-	-	-	91.942.832	91.942.832
Sen rexionalizar	-	-	-	-	-	-	30.952.123	30.952.123	12.849.639	12.849.639	43.801.762	43.801.762
Total	730.061.424	798.234.227	414.025.219	459.101.127	242.508.383	285.781.254	30.952.123	30.952.123	12.849.639	12.849.639	1.430.396.788	1.586.918.370